



ANEXO A PROGRAMACIÓN:

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CMUS PROFESIONAL DE A CORUÑA
CURSO: TODOS
MATERIA:Canto
DEPARTAMENTO:Canto
DATA:8-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Mínimos esixibles.**
2. **Procedementos de avaliación e cualificación.**
3. **Criterios de cualificación.**
4. **Instrumentos de avaliación.**
5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)**
6. **Información e publicidade.**

1. **Mínimos esixibles.**

Serán mínimos esixibles os contemplados na programación **ata a segunda avaliación.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 4	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

Os mínimos esixibles correspondentes a terceira avaliación impartiranse no curso seguinte.

2. Procedementos de avaliación e cualificación.

Observación da actividade desenvolvida na terceira avaliación ou nas actividades de recuperación propostas.

Avaliación do traballo teórico sobre o tema correspondente a cada curso e que figura na programación.

O alumnado que non acadase os mínimos esixibles correspondentes as dúas primeiras avaliacións ou que non puido ser avaliado de forma continua, terá que realizar por vía telemática unha proba individual, para a que será convocado por correo electrónico e a través de Centrosnet.

A cualificación final será a cualificación obtida nesta proba que consistirá na gravación da interpretación do repertorio correspondente aos mínimos esixibles a capella ou coa axuda dun acompañamento pregravado ou creado por medios dixitais segundo as posibilidades do alumnado.

3. Criterios de cualificación.

Empregaranse os que constan na programación, aínda que non serán tidos en conta os criterios de avaliación nin de cualificación que supoñan actividades presenciais coma as audicións ou a asistencia.

3.1 .- O alumnado que tivese a segunda avaliación aprobada: se cualificará coa nota media das dúas primeiras avaliacións.

- No caso de que a media fora menor ca nota da segunda avaliación, manterase esta.
- A cualificación final poderá aumentarse en función das actividades desenvolvidas polo alumno por vía telemática na terceira avaliación e a entrega e avaliación do traballo teórico correspondente ao curso, ata un máximo de dous puntos.

3.2.- O alumnado que tivese a segunda avaliación suspensa ou que non puido ser avaliado de forma continua:

- A cualificación será a da proba descrita no apartado anterior, cos seguintes criterios:
 - Técnica: 50%
 - Interpretación: 30%
 - Estilo: 20%

4. Instrumentos de avaliación.

Métodos telemáticos: videochamada (whatsapp, zoom, skype, etc.) en tempo real ou ben recepción de vídeos ou gravacións sonoras enviadas por correo electrónico, whatsapp ou calquera outro medio posible.

5. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso)

Dada a natureza da especialidade, é case imposible desenrolar a meirande parte do traballo técnico, estilístico e interpretativo co alumnado, xa que os medios telemáticos distorsionan a calidade do sonido (esencial para corrixir os posibles erros técnicos) e ademais xa que non dispoñemos do acompañamento pianístico esencial para a especialidade.

Ademais moitos dos alumnos carecen de piano propio nos seus lugares de confinamento, polo que o estudio que realizaban nos pianos do centro non puido desenrolarse durante o terceiro trimestre.

Aínda así, se contempla a posibilidade de realizar actividades individuais con gravacións ben a capella ou ben coa axuda de acompañamentos pregravados ou midis realizados por medios dixitais.

6. Información e publicidade.

A adaptación da programación para o terceiro trimestre será remitida a Inspección Educativa, as familias a través da plataforma Centros Net e correo electrónico. Ademais colgarase na páxina web do Centro.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 3 DE 4	CENTRO: CURSO: MATERIA:
--	---------------	-------------------------------

